



CONCELLO DE PORTO DO SON

CONCELLERÍA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, EMPREGO,
XUVENTUDE, VOLUNTARIADO, SEGURIDADE E
PROTECCIÓN CIVIL



BASES XERAIS DE ADMISIÓN NO CURSO GRATUÍTO DE ATENCIÓN AO CLIENTE.

1.- Persoas destinatarias.

Poderán presentar solicitude de participación neste curso as persoas interesadas en xeral, tendo prioridade aquelas empadroadas no Concello de Porto do Son.

2.- Solicitudes.

As solicitudes de participación nesta acción formativa, segundo o modelo que se anexa, dirixiranse ao Alcalde - Presidente do Concello de Porto do Son e presentaranse no rexistro do Concello de Porto do Son (Rúa da Atalaia Nº 7 Porto do Son), de luns a venres en horario de 09.00h a 14.00h.

3.- Documentación.

Xunto coa solicitude de admisión, as persoas interesadas deberán presentar:

- Fotocopia do DNI ou NIE.
- Volante de empadramento no Concello de Porto do Son.

4.- Prazo de inscrición.

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día 21 de novembro de 2016 e rematará día 24 de novembro de 2016 ás 14.00h.

No caso de non cubrirse as prazas poderase ampliar o prazo de presentación de solicitudes.

5.- Selección de participantes.

A selección dos participantes farase por rigorosa orde de presentación de solicitudes (xunto coa documentación requirida), no rexistro do Concello de Porto do Son.

6.- Número de prazas.

Esta acción formativa conta cun total de 10 prazas.

7.- Datas e Lugar de celebración do curso.

O curso vaise celebrar os días 28 e 29 de novembro de 2016, en horario de 16.00h a 20.00h, nas instalacións do Viveiro de Empresas do Concello de Porto do Son.



CONCELLO DE PORTO DO SON

CONCELLERÍA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, EMPREGO,
XUVENTUDE, VOLUNTARIADO, SEGURIDADE E
PROTECCIÓN CIVIL



8.- Contidos do curso.

Entre outras, no curso abordaranse as seguintes cuestións:

SESIÓN I- Principios básicos de atención ao cliente: tipoloxía de clientes, a calidade no servizo e a motivación na atención ao cliente.

SESIÓN II- Comunicación eficaz en atención ao cliente: actitudes e técnicas que favorecen a comunicación, queixas e reclamacións.

9.- Condicións de superación do curso.

A obtención do diploma require a asistencia ás dúas sesións do curso.

Porto do Son, 14 de novembro de 2016.